

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027691	de Porto do Son	Porto do Son	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
AFD	Actividades físicas e deportivas	CMAFD02	Guía no medio natural e de tempo libre	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1336	Técnicas de natación	2023/2024	2	53	63

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	JAVIER LOSADA GARCÍA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

As persoas que obteñan este título exercerán a súa profesión no ámbito das actividades deportivo-recreativas na natureza, no turismo activo, deportivo e/ou de aventura e en espazos de ocio e de lecer. De xeito específico, en relación co módulo que nos ocupa, os egresados teñen a posibilidade de integrarse no sector da prevención, vixilancia e rescate en espazos acuáticos naturais, exercendo labores de intervención acuática, rescate e socorrismo.

É de especial interese a recente publicación do decreto 43/2023, do 4 de maio, polo que se modifica o Decreto 152/2021, do 21 de outubro, polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional das actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia. Nesta normativa, recóllese a titulación deste ciclo como un dos requisistos formativos para poder exercer a actividade de socorrismo en espazos acuáticos naturais. Polo tanto, o módulo, como base das aprendizaxes a desenvolver en módulos de 2º curso relacionados co socorrismo, é un requisito fundamental para poder optar a un posto de traballo dese perfil.

O sector produtivo no que se sitúa o módulo ten claras necesidades de profesionais formados. Galicia, cunha ampla extensión de costa, afronta, con non poucos problemas, o reto de dotar a eses espazos naturais de profesionais formados no rescate e no socorrismo, cunhas competencias que, sen dúbida, precisan dun asentamento profundo das aprendizaxes promovidas neste módulo.

## 3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	ADAPTACIÓN AO MEDIO ACUÁTICO	Primeiros contactos co medio e desenvolvemento das habilidades básicas natatorias (flotación, respiración e propulsión) así como de habilidades específicas executadas nese medio (xiros, lanzamentos, recepcións,...)	10	15
2	DOMINIO DO ESTILO DE NADO CROL	Asentamento dos elementos técnicos determinantes dun movemento eficiente no estilo libre (crol). Estudo das accións propulsivas e afianzamento dos criterios hidrodinámicos máis importantes.	12	20
3	DOMINIO DO ESTILO DE NADO DE COSTAS	Presentación e desenvolvemento dos criterios técnicos específicos do nado de costas	10	20
4	DOMINIO DO ESTILO DE NADO BRAZA	Presentación e desenvolvemento dos criterios técnicos específicos do nado estilo braza	10	20
5	INICIACIÓN Á TÉCNICA DE NADO BOLBORETA	Familiarización básica co estilo bolboreta. Estudo e práctica dos movementos corporais ondulatorios propios do estilo	6	5
6	EFICIENCIA E VELOCIDADE NOS ESTILOS LIBRE, COSTAS E BRAZA	Traballo dos elementos técnicos e condicionais específicos dos estilos para o desenvolvemento da eficiencia de nado, cuantificada no equilibrio entre velocidade e gasto, nos estilos libre, costas e braza	10	15
7	ACTIVIDADES LÚDICAS NO MEDIO ACUÁTICO	Estudo das alternativas de ocio e recreación presentes nas actividades no medio acuático. Creación dun banco de recursos e estudo das medidas organizativas e de seguridade específicas no medio.	5	5

**4. Por cada unidade didáctica**
**4.1.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
1	ADAPTACIÓN AO MEDIO ACUÁTICO	10

**4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara actividades lúdicas no medio acuático, combinando as habilidades e as destrezas básicas en condicións de seguridade	NO

**4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Xustificáronse as adaptacións que cómpre realizar para o desenvolvemento das habilidades e as destrezas motrices básicas no medio acuático
CA1.2 Relacionáronse as actividades lúdicas na auga coas habilidades motrices que se desenvolven nestas
CA1.4 Demostrouse control da orientación espacial durante a realización de mergullos, desprazamentos, xiros e manexo de obxectos, combinando as posibles variantes
CA1.5 Coordinouse a respiración no medio acuático e os momentos de apnea coa propulsión e a flotación na realización das habilidades

**4.1.e) Contidos**

Contidos
Habilidades e destrezas básicas.
0Xiros na auga. Eixes de xiro. Asociación dos xiros aos desprazamentos e aos niveis de profundidade.
Lanzamentos e recepcións.
Equilibrios: dorsal-ventral-vertical; en superficie e en inmersión.
Familiarización e adaptación ao medio acuático.

Contidos
Respiración; apneas. Coordinación da respiración no medio acuático. Adaptación da respiración ao medio acuático e aos movementos dentro da auga.
Flotación: factores determinantes. Flotacións parciais e globais, con elementos auxiliares e con axuda. Flotación e respiración: volume inspiratorio e expiratorio e apnea. Flotación: posicións segmentarias e situación respecto á horizontalidade.
Principios de hidrodinámica.
Propulsión. Propulsións parciais e globais, con e sen material auxiliar, e con combinacións de superficies propulsoras.
Desprazamentos con cambios de sentido e de dirección.
Entradas á auga: de pé, de cabeza e de xeonllos; con e sen salto, con e sen material. Combinacións con outras habilidades básicas.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	DOMINIO DO ESTILO DE NADO CROL	12

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Domina o estilo de natación crol e coordina a posición, as accións técnicas propulsivas e equilibradoras, e a respiración	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Xustificouse a aplicación dos principios xerais de avance na auga á técnica de execución do estilo crol
CA2.1.1 Detectáronse erros técnicos no nado dun/dunha compañeiro/a na execución do nado estilo crol
CA2.1.2 Xustificouse a aplicación de medidas correctoras para mellorar o avance na auga na execución do estilo crol
CA2.2 Aplicáronse os fundamentos técnicos do estilo crol á súa execución práctica desde un punto de vista de eficacia e esixencia técnica
CA2.3 Adaptouse a dinámica da respiración á intensidade da natación

Criterios de avaliación
CA2.4 Integrouse a viraxe específica na acción de natación continua a crol
CA2.5 Seguironse criterios de seguridade e eficiencia na realización da saída de crol

#### 4.2.e) Contidos

Contidos
<p>Principios xerais de avance na auga aplicados á técnica de execución do estilo crol. Posición hidrodinámica.</p> <p>Técnica do estilo crol: posición do corpo, acción dos brazos (fase acuática e aérea), acción das pernas (patada de crol), respiración e coordinación. Exercicios de asimilación e execución práctica.</p> <p>Viraxe de crol. Eixes de xiro.</p> <p>Fases na execución da viraxe, exercicios de aplicación e execución técnica.</p> <p>Saídas de crol.</p> <p>Avaliación da técnica individual: observación, identificación e corrección dos erros máis comúns.</p> <p>Influencia da motivación para a mellora técnica de natación no estilo crol.</p>

#### 4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	DOMINIO DO ESTILO DE NADO DE COSTAS	10

#### 4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Domina o estilo de natación costas e coordina a posición, as accións técnicas propulsivas e equilibradoras, e a respiración	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Xustificouse a aplicación dos principios xerais de avance na auga á técnica de execución do estilo costas
CA3.1.1 Xustificouse a aplicación de medidas correctoras para mellorar o avance na auga na execución do estilo costas
CA3.1.2 Detectáronse erros técnicos no nado dun/dunha compañeiro/a na execución do nado estilo costas
CA3.2 Aplicáronse os fundamentos técnicos do estilo costas á súa execución práctica desde un punto de vista de eficacia e esixencia técnica
CA3.3 Integrouse a viraxe específica na acción de natación continua de costas
CA3.4 Adoptouse a posición hidrodinámica específica para o estilo costas
CA3.5 Seguironse criterios de seguridade e eficiencia na realización da saída de costas

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Adaptación da posición hidrodinámica específica para o estilo costas.
Técnica do estilo costas: posición do corpo, acción dos brazos (fase acuática e aérea), acción das pernas (batedura de pernas), respiración e coordinación. Exercicios de asimilación e execución práctica.
Viraxe de costa. Eixes de xiro.
Fases na execución da viraxe, exercicios de aplicación e execución práctica.
Saída de costas.
Avaliación da técnica individual: observación, identificación e corrección de erros máis comúns.
Influencia da motivación para a mellora técnica de natación no estilo costas.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	DOMINIO DO ESTILO DE NADO BRAZA	10

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Domina o estilo de natación braza e coordina a posición, as accións técnicas propulsivas e a respiración	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Xustificouse a aplicación dos principios xerais de avance na auga á técnica de execución do estilo braza
CA4.1.1 Detectáronse erros técnicos no nado dun/dunha compañeiro/a na execución do nado estilo braza
CA4.1.2 Xustificouse a aplicación de medidas correctoras para mellorar o avance na auga na execución do estilo braza
CA4.2 Adaptáronse as fases respiratorias ás fases da patada e da brazada
CA4.3 Aplicáronse os fundamentos técnicos do estilo braza á súa execución práctica desde un punto de vista de eficacia e esixencia técnica
CA4.4 Integrouse a viraxe específica na acción de natación continua á braza
CA4.5 Adoptouse a posición hidrodinámica de desprazamento específica no estilo braza
CA4.6 Adaptouse o estilo braza a situacións de apnea en desprazamentos subacuáticos
CA4.7 Seguironse criterios de seguridade e eficiencia na realización da saída de braza

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Adaptación da posición hidrodinámica específica para o estilo braza. Técnica do estilo braza: posición do corpo, acción dos brazos (agarrada, tirón e recuperación), acción das pernas (positiva e negativa), respiración e coordinación. Exercicios de asimilación e execución práctica. Viraxe de braza. Eixes de xiro. Brazada subacuática. Coordinación da viraxe coa natación continua. Fases na execución da viraxe, exercicios de aplicación e execución práctica. Saída de braza. Natación subacuática. Avaliación da técnica individual: observación, identificación e corrección de erros máis comúns. Influencia da motivación para a mellora técnica de natación no estilo braza.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	INICIACIÓN Á TÉCNICA DE NADO BOLBORETA	6

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Realiza a coordinación básica do estilo de natación bolboreta, incorporando as accións segmentarias no movemento ondulatorio	SI

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA5.1 Xustificouse a aplicación dos principios xerais de avance na auga á técnica de execución do estilo bolboreta
CA5.1.1 Detectáronse erros técnicos no nado dun/dunha compañeiro/a na execución do nado estilo bolboreta
CA5.2 Aplicáronse os fundamentos técnicos do estilo bolboreta á súa execución práctica de xeito elemental



Criterios de avaliación
CA5.3 Adoptouse un movemento global do corpo que describe unha traxectoria ondulatoria
CA5.4 Executáronse as fases nas accións de brazos e pernas contribuíndo á propulsión, á preparación e á recuperación
CA5.5 Realizouse a coordinación brazos-respiración, brazos-pernas e pernas-respiración
CA5.6 Completouse un traxecto de 25 m de natación coordinando as accións de brazada e patada do estilo bolboreta

#### 4.5.e) Contidos

Contidos
<p>Adaptación da posición hidrodinámica específica para o estilo bolboreta.</p> <p>Técnica do estilo bolboreta: posición do corpo, acción dos brazos (varreduras diagonais e recuperación), acción das pernas (batedura ascendente e descendente), respiración e coordinación. Exercicios de asimilación e execución práctica.</p> <p>Avaliación da técnica individual: observación, identificación e corrección dos erros máis comúns.</p> <p>Influencia da motivación para a mellora técnica de natación no estilo bolboreta.</p>

#### 4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	EFICIENCIA E VELOCIDADE NOS ESTILOS LIBRE, COSTAS E BRAZA	10

#### 4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Domina os estilos de natación baixo criterios de eficiencia e velocidade	SI

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA6.1 Realizáronse 200 m de natación en estilo de crol sen paradas en menos de catro minutos e quince segundos
CA6.2 Realizáronse 200 m de natación en estilo costa sen paradas en menos de cinco minutos
CA6.3 Realizáronse 200 m de natación en estilo braza sen paradas en menos de cinco minutos
CA6.4 Realizáronse 50 m de natación en estilo crol sen paradas en menos de cincuenta segundos
CA6.5 Realizáronse 50 m de natación en estilo costa sen paradas en menos dun minuto
CA6.6 Realizáronse 50 m de natación en estilo braza sen paradas en menos dun minuto
CA6.7 Realizáronse 15 m de natación subacuático en apnea

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Técnicas e exercicios para o desenvolvemento da velocidade no estilo crol.
Técnicas e exercicios para o desenvolvemento da velocidade no estilo costas.
Técnicas e exercicios para o desenvolvemento da velocidade no estilo braza.
Técnicas e exercicios para o desenvolvemento da resistencia no estilo crol.
Técnicas e exercicios para o desenvolvemento da resistencia no estilo costas.
Técnicas e exercicios para o desenvolvemento da resistencia no estilo braza.
Técnicas e exercicios para o desenvolvemento da capacidade de natación subacuática en apnea.
Influencia da motivación para a mellora da técnica, a resistencia e a velocidade de natación.

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	ACTIVIDADES LÚDICAS NO MEDIO ACUÁTICO	5

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara actividades lúdicas no medio acuático, combinando as habilidades e as destrezas básicas en condicións de seguridade	NO

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.3 Asignáronse os materiais en función do carácter recreativo das actividades
CA1.6 Seguíronse criterios de seguridade na selección e na realización das actividades, e no uso do espazo e dos materiais

**4.7.e) Contidos**

Contidos
Instalacións e materiais para a práctica segura de actividades lúdicas na auga.
Xogos, tarefas e actividades lúdicas apropiadas para o desenvolvemento da fase de adaptación ao medio acuático.

**5. Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

Os mínimos esixibles neste módulo son aqueles relacionados coa adquisición da suficiente solvencia para desenvolverse no medio acuático. Neste sentido, partimos dun estilo concreto de base, o estilo libre, como referencia para a mellora da técnica e da eficiencia do resto de estilos. Así, o desempeño en cada un dos estilos, no que se refire á aplicación dos fundamentos técnicos e máis aos elementos que garanten un correcto desenvolvemento da eficiencia de nado, consideráronse mínimo esixibles. Nesta liña, os CA relacionados na UD6 consideráronse, todos eles, esenciais.

En canto aos criterios de cualificación, cada un dos instrumentos de avaliación reseñados, devolverá un sistema de puntuación que vai desde o 0 ata o 10. Para acadar un resultado positivo na proba obxecto de

cualificación, o alumnado deberá obter un resultado de 5 ou superior. Para a obtención da cualificación utilizarase, de forma xeral o sistema de rúbricas (agás no caso de exames, que se fará por cualificación directa).

En cada unha das avaliacións, recolleranse as cualificacións de cada unha das actividades de aprendizaxe desenvoltas durante o trimestre. Cada unha delas participará na cualificación trimestral informativa na porcentaxe que indican os instrumentos de avaliación deseñados e propostos no apartado. A cualificación obtida no cálculo final da avaliación será un número enteiro entre 0 e 10; faremos un redondeo a alza a partir do decimal 5, por exemplo 7,5 redondeamos a 8.

Por outra banda, para superar o módulo, o alumnado debe asegurarse unha cualificación de 5 ou superior en cada un dos criterios de avaliación que conteñan elementos mínimos esixibles.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O procedemento para establecer as actividades de recuperación pasa polos seguintes puntos:

> Analizar a natureza da parte non superada. Hai resultados de aprendizaxe que precisan unha abordaxe desde unha perspectiva máis procedimental e outras que están vinculadas con procesos de reflexión e/ou de afondamento en coñecementos teóricos.

> Deseñar un procedemento adecuado á natureza da parte a recuperar.

- Si esa parte ten un carácter práctico, deseñarase un programa de prácticas individuais, composto por un proceso de adestramento e/ou aprendizaxe técnico.

En cada sesión na piscina, o alumno/a que se sitúe nese caso, utilizará unha parte da sesión para traballar os elementos descritos no seu programa individualizado.

- Si a parte a recuperar está vinculada cunha baixo rendemento no estudo persoal, propoñerase un traballo persoal de análise e afondamento sobre a materia.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Para realizar a proba de avaliación extraordinaria, debemos recuperar todos os contidos e prácticas realizadas durante o curso.

O alumnado que este nese caso, sigue tendo a posibilidade de asistir as sesións de traballo, algo que se lle recomendará intensamente dada a natureza do módulo no que, progresivamente, a carga de traballo práctico na piscina, se vai incrementando. Ademais, os elementos técnicos presentes nos diferentes estilos vanse pulindo e refinando co avance da materia. Estas características esixen un seguimento moi estreito das sesións, sobre todo, prácticas.

Así, os elementos que deben estar presentes na avaliación extraordinaria deben estar vinculados, en gran parte, á capacidade de demostrar unha suficiencia adecuada no medio acuático, cun dominio das

habilidades básicas e un bo desempeño nas manifestacións técnicas de cada estilo, así como na demostración dunha eficiencia, tanto en criterios de resistencia coma de velocidade.

Nese sentido, deseñárase unha proba específica, práctica, na que se demostren os elementos descritos no parágrafo anterior, aínda que xa foran avaliados en etapas anteriores á perda do dereito a avaliación continua. Ningunha das cualificacións previas a entrada nesta situación serán válidas.

Ademais, o alumnado debe ser capaz de deseñar programas básicos de adaptación ao medio e de utilizar as actividades na piscina nun ambiente lúdico. Precisa, polo tanto, manexar os criterios técnicos, organizativos e de seguridade que permitan desenvolver esas tarefas. Por conseguinte, propoñeráse tamén unha parte da proba extraordinaria relacionada con ese ámbito, a través dun exame de desenvolvemento de programas e propostas lúdicas.

Nas convocatorias extraordinarias, o alumnado con perda do dereito a avaliación continua deberá realizar ámbolos dous apartados. A proba práctica suporá un 70% da cualificación e o exame terá un peso do 30%.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A programación, como elemento vivo, vaise adaptando ás circunstancias do curso. Nese sentido, precisase contar con datos obxectivos para o rediseño do itinerario previsto nesta programación.

Para coñecer o axuste do curso con respecto á liña programada neste documento, someterase o mesmo a unha lista de cotexo no que se indicarán os items relacionados cos tempos e sesións dedicados a cada unha das UD's e revisaranse os elementos curriculares descritos en cada unha delas.

Para a avaliación da propia práctica docente, utilizarei criterios internos e externos. Para avaliar o cumprimento dos piares básicos da miña práctica docente elaborárase un documento de análises no que se reflectirán os principais indicadores pedagóxicos (estilos de ensino, utilización de materiais de apoio, atención á diversidade, ...) e se graduarán en 5 niveis de cumprimento. Ademais, contarase coa opinión do alumnado, invitándoos a que participen nunha enquisa de valoración da práctica docente, vinculados a diferentes indicadores (puntualidade, claridade nas explicacións, achega de material,...).

Co material recollido por ámbalas dúas estratexias realizaranse as adaptacións precisas nuns ou outros puntos.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

O procedemento de avaliación está encamiñado a descubrir o nivel de coñecemento sobre a natación en xeral. Esta avaliación conterá un pequeno cuestionario sobre aspectos xerais do deporte (instalacións, estilos, habilidades,...) e un proba práctica na que se testarán as habilidades básicas natatorias (respiración, flotación, propulsión) en diferentes contextos. Así mesmo, abordaranse os 4 estilos natatorios, propoñéndose unha pequena proba de nado en cada un deles.

Esta avaliación inicial devolverá información sobre o grupo (nivel de destreza, experiencia previa,...) e tamén sobre cada un dos alumnos e alumnas do grupo (nivel técnico, capacidades físicas específicas asociadas á natación, dificultades-medos atopados,...).

Por último, a observación, nas primeiras sesións de traballo en piscina, tamén servirá para aportar información, desta vez, sobre o funcionamento do grupo e a existencia dalgunha perfil individual non compatible co desenvolvemento proveitosos das actividades e tarefas propias do módulo ( (autoestima baixa, vergoña, imaxe corporal...).

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

As medidas de reforzo están deseñadas co obxectivo de evitar que o alumnado con menor capacidade/experiencia nas actividades propostas, desista de seguir avanzando na súa mellora por sentirse moi lonxe das esixencias do módulo. Esta realidade é relativamente fácil que se produza e, polo tanto, debe ser unha cuestión que debe estar contemplada e valorada. Nas primeiras sesións de traballo, e tamén a través da avaliación inicial, analizarase o perfil do alumnado e decidírase que persoas son susceptibles de caer nesta situación. Desde as primeiras sesións nas que as dificultades son baixas, progresivamente se van incorporando elementos técnicos e coordinativos que provocan, naqueles con máis limitacións, atrancos no seu progreso.

Nese sentido, deseñaranse fichas de traballo, sobre todo de carácter técnico, para paliar as carencias detectadas no desempeño práctico das tarefas. Para cada unha das unidades didácticas (que adoitan centrarse nos diferentes estilos) crearase un banco de recursos técnicos que axuden na mellora daquelas deficiencias técnicas atopadas. E este banco non será solo promovido polo profesor. Os propios alumnos e alumnas, dentro da súa formación e da necesidade de dotarse de respostas no eido da formación deportiva da natación, serán os encargados de deseñar estratexias e recursos para a mellora daquelas facetas susceptibles de seren traballadas, establecendo, polo tanto, un mecanismo coeducativo de alto valor formativo.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Non podemos desligar de ningún xeito a formación, en calquera ámbito, da transmisión dun conxunto de valores, aínda sen pretendelo.

Neste caso, facemos explícitos unha serie de compoñentes que consideramos cualidades que describen virtudes dun bo profesional. Estes compoñentes estarán presentes ao longo de cada sesión de traballo, en cada actividade, en cada tarefa, e definirán un modelo para o desenvolvemento da profesión do futuro técnico, unha profesión que se caracteriza polo alto grao de responsabilidade que esixe, de cara a manter o benestar e a seguridade dos clientes, moitas veces, en situacións de risco para a saúde e incluso, para a vida.

Deste xeito, na nosa intervención como formadores, manexaremos os seguintes principios:



- Espírito emprendedor.
- Formación continuada.
- Respetto pola diversidade, igualdade de trato e non discriminación.
- Igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- Prevención de calquera tipo de violencia e resolución pacífica de conflitos
- Respetto polo medio natural e educación ambiental.

É imposible concretar unha programación detallada no que concerne ao tratamento destes principios. Aproveitaranse as oportunidades educativas que xurdan durante o curso para introducir e tratar, de maneira reflexiva, cada un destes aspectos.

#### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Como actividades complementarias:

- Colaboración co Departamento de Educación Física para a organización dun evento de fin de curso na piscina.

Como actividades extraescolares, propoñemos:

- Participación en probas deportivas relacionadas coa natación (travesías a nado) que se celebren durante o curso (na última parte do mesmo, meses de maio e xuño)